

ReMesa

A M E S A I N F O R M A


A Mesa: 15 anos multiplicando esforzos

No ano 1986 nacia A Mesa, como un proxecto con vontade de aglutinar esforzos en favor da recuperación social da nosa lingua. Acaba de cumprir 15 anos e A Mesa segue a ser a asociación

todas e todos os que estamos preocupados pola saúde do galego, de loitas nos tribunais, de elaboración de propostas, de presentación de iniciativas en distintos organismos oficiais, etc.

en sérias dificultades de carácter económico.

Sen embargo, foi o apoio de todos vós –sócios e sócias da Mesa, simpatizantes, organizacións e institucións que colaboraron nas nosas iniciativas



A MESA: QUINCE ANOS MULTIPLICANDO ESFORZOS

cívica de referencia na loita polos nosos dereitos lingüísticos e a dignificación social do galego en todos os ámbitos. Percorremos un longo camiño no que se foron xuntando ao noso proxecto moitas mans, multiplicando esforzos a prol dun obxectivo comun que, lamentablemente, segue a precisar do noso traballo.

Foron 15 anos de campañas de información e sensibilización, de mobilizacións, de denuncias por incumprimentos da lexislación e por discriminacións lingüísticas, de medidas de presión diante de empresas e institucións, de seguimento e crítica da política lingüística oficial, de creación de foros e plataformas nas que xuntar os esforzos de

Un traballo que foi posíbel grazas ao apoio dos nosos sócios e sócias e á colaboración desinteresada de moitas persoas.

Foron tamén 15 anos de dificultades, de ter que actuar ás veces moi por riba das nosas posibilidades, vencendo a carencia de medios coa orixinalidade do discurso e a imaxe, superando as nosas claras limitacións e as trabas que viñan de moitos sectores, enfrontando-nos de maneira directa coa inoperancia e mesmo a belixerancia das institucións nunha loita desigual que nos mantivo vetados das subvencións oficiais, unha situación que nos permitiu sempre manter a nosa independencia mais que en moitos momentos puxo a organización

SUMÁRIO

A coruña:	
unha sentenza histórica	2
Manifestación do 17 de Maio	3/4
Cos meus mellores desexos	4
Correlíngua 2001	5
Acampalingua	6
Breves	7/8
Plataforma polo ensino	13
Un novo director xeral	18

A Coruña: unha sentenza histórica e con historia

Logo de seis anos de espera, en setembro do ano 2000 o Tribunal Supremo ditaba sentenza firme na que, como xa fixera no ano 94 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, daba-lle a razón á Mesa na súa demanda de que o Concello da Coruña respeitase a lexislación vixente en materia lingüística. A sentenza, clarísima, reafirmaba a emitida anteriormente polo TSXG e insistía novamente nos dous aspectos que centraban a demanda xudicial interposta pola Mesa contra o Concello: que este debía utilizar a única forma oficial e lexítima do topónimo da cidade e que debía usar o galego en toda a documentación oficial. Pechaba-se así un longo e difícil camiño de loita pola defensa do uso da lingua e polo respecto á lexislación que a ampara, camiño que A Mesa iniciara no ano 1992. E pechaba-se cunha decisión xudicial que parecía tallante e definitiva, mais que acabou batendo coa irracionalidade e a prepotencia de Francisco Vázquez, un alcalde que está por enriba da Lei, que despreza, e por enriba dos tribunais, que desafia.

Prepotencia de Vázquez

No ano 94, logo da sentenza do TSXG, Francisco Vázquez, lonxe de acatar a decisión do tribunal, iniciou un proceso de desafíos e descualificacións que remataron cun recurso do Concello diante do TS e, por suposto, cunha actitude de desafío ao alto tribunal galego que se materializou no total incumprimento da sentenza ao longo destes anos, sen que valesen de nada as reiteradas solicitudes da Mesa de que se executase provisoriamente a mesma mentres non se producía o fallo do TS. A resposta do alcalde nesta ocasión foi semellante: declaraba publicamente que non ía acatar tampouco a sentenza do TS e entraba nunha espiral de declaracións delirantes contra A Mesa e as nosas supostas escuras intencións. Anunciaba ademais a interposición dun recurso diante do Tribunal Constitucional, para o que contratou os millonários servizos dun bufete de advogados madrileño. Transcorrido un ano desde que se producira o fallo do TS, A Mesa, que non recibeu nengun tipo de notificación sobre a presentación e posíbel admisión a trámite dese novo recurso perante o TC, continuou a desenvolver os pasos necesarios para conseguir a execución dunha sentenza firme e xusta: apresentamos diante do TSXG numerosos informes acompañados de documentación de todo tipo (actas de plenos e de comisións informativas, material de publicidade e protocolo, anúncios públicos, informes e notificacións de distintas concellarias, convocatórias, reportaxes fotográficas, etc.), que demostraban o incumprimento da sentenza, ao tempo que solicitabamos a execución forzosa da mesma e a aplicación das medidas que a lei dispón para estes


casos, tales como a imposición de multas económicas para o alcalde como responsábel último desta fragarnte e vergoñenta situación de desafío aos tribunais. Neste sentido, o TSXG acaba de enviar a Vázquez unha nova providencia no que lle anuncia unha primeira multa de 50.000 pesetas no caso de que a sentenza non comece a cumprirse “sen excusas, dilacións nen pretextos”.

Pasividade absoluta da Xunta de Galiza

Tamén lles solicitamos aos distintos grupos políticos con representación no Parlamento Galego e directamente ao presidente da Xunta de Galiza a súa intervención para esixir do Concello da Coruña o cumprimento da sentenza, ao tempo que solicitabamos do goberno galego que suspendese calquer apoio e subvención ao Concello coruñés mentres este non cumprise coa lexislación vixente en materia lingüística. Ademais de non responder nen atender esta petición, o presidente da Xunta respondíanos, a través do Director Xeral de Política Lingüística, eludindo a súa responsabilidade de intervir neste asunto. Os argumentos esgrimidos son absolutamente ridículos e demostran un absoluto descoñecemento do funcionamento dos procedementos xudiciais: alegan que, dado que o Concello da Coruña recorreu a sentenza ante o Tribunal Constitucional, consideran que o proceso segue aberto e non cumpre intervir ate que non se pronuncie o Constitucional. Resulta inconcebíbel que a Xunta de Galiza “esqueza” que a sentenza do Tribunal Supremo é firme e que o recurso ante o Constitucional (do que de momento non hai nengunha notificación) en absoluto paraliza a execución da mesma: de feito, foi o propio TS o que dictou o auto para que o TSXG iniciase os trámites para facer cumprir a sentenza.

E agora que?

Van alá case 10 anos desde que A Mesa iniciara o proceso xudicial contra o Concello da Coruña para demandar algo tan simple como que cumpra coa lexislación vixente. Logo de dúas sentenzas favorábeis, numerosos autos e providencias para facé-las cumprir e decenas de oficios demandando unha e outra vez a execución, seguimos a bater coa desobediencia e prepotencia dun alcalde, que reforza a súa actitude na complicidade da Xunta de Galiza e o excesivo relaxamento do Tribunal Superior, ao que lle falta contundencia neste proceso que xa comeza a cansar. A Francisco Vázquez nada lle importa aparecer publicamente contra a lingua e a lei e pouco lle importan tamén os cartos que a súa irracional actitude lle están a custar ás arcas municipais (o TS impuxo-lle os custos de todo o proceso, ao que el suma os millóns que lle vai custar o absurdo recurso ante o TC). Nada importa cando se trata de seguir alimentando a súa imaxe pública de deus todopoderoso en santa cruzada contra a lingua galega, contra o que nada poden leis nen tribunais. As sentenzas xudiciais son fundamentais para demostrar que levamos a



razón da nosa parte ao demandar que se cumpra a lei, mais para A Mesa, que nestes case dez anos de proceso gastou moitos cartos, tempo e enerxias, non abonda coa satisfacción de que lle dean a razón: precisamos seguir presionando para demostrar que non hai leis e sentenzas de primeira e outras de segunda, porque iso sería o mesmo que recoñecer que a lexislación que ampara os dereitos de uso do galego non é máis que papel mollado, algo que tacitamente todos sospeitamos mais que non podemos resignar-nos a aceptar sen máis.

Tamén o Coléxio Provincial de Advogados incumpe a lei

Se triste resulta asistir a este contumaz desafío e despre-

zo á lexislación vixente por parte dun alcalde democráticamente elixido para desenvolver un cargo público, non menos triste resulta comprobar ese mesmo desprezo en quen maior empeño debía ter no cumprimento da lei, os pródigos advogados. A Mesa dirixiu-se ao decano do Colexio Provincial de Advogados da Coruña para reclamar deste organismo que, coa maior brevidade, asuma na súa integridade a lexislación en materia lingüística e utilice en toda a súa documentación e imaxe corporativa o galego e o topónimo oficial da provincia. Esta mesma demanda xa lle fora realizada por parte do advogado da Mesa na Coruña, como membro do Coléxio, petición ante a que o Coléxio se limitara a acusar recibimento da comunicación para despedir-se a continuación coa estrambótica fórmula “Que Dios guarde a usted muchos

.....

17 de maio do 2001:

O galego no ensino, materia pendente

Manifestación do 17 de Maio



O pasado 17 de Maio, convocamos, como en anos anteriores, unha manifestación nacional que, baixo o lema “O galego no ensino, materia pendente”, pretendía denunciar a difícil situación do uso do galego no sistema educativo e demandar da Xunta de Galiza que se garanta o dereito dos nosos nenos e nenas a seren escolarizados no noso idioma e, cando menos, que se cumpran os mínimos establecidos no Decreto 247/95 para os distintos niveis educativos. Esta convocatória dá continuidade á liña de traballo iniciada hai xa varios anos para revitalizar o carácter máis reivindicativo da data do 17 de Maio e para contribuir a un maior debate social arredor da recuperación da lingua nun ámbito concreto. Como resultado dunha proposta da Plataforma polo Ensino en Galego (A Mesa, ASPG, CCOO-Ensino, CIG-Ensino, Nova Escola Galega e STEG), a campaña deste ano estivo centrada no ensino e foi convocada conxuntamente pola propia Plataforma e mais polas organizacións que xa convocaran esta mobilización en anos anteriores (A Mesa, Bloque Nacionalista Galego, Comisións Obreiras, Confederación Intersindical Galega e Esquerda de Galicia).

Un manifesto e un informe

Como complemento á convocatória da manifestación do 17 de maio, as organizacións convocantes elaboramos un manifesto no que se recollían as principais denuncias e demandas da campaña así como un informe sobre a situación do galego no ensino no que se fai un repaso da evolución lexislativa neste ámbito e datos concretos de índices de cumprimento dos mínimos de uso establecidos na lexislación. Oferecen-se datos de de dúas fontes diferentes: unha delas, un informe elaborado pola propia Consellería de Educación no ano 1998 que indica que o incumprimento do Decreto 247/95, despois de máis de cinco anos de vixencia, segue a ser moi elevado e chega nalguns niveis educativos ao 50%, ao tempo que se confirma que seguen a entrar no ensino máis nenos e nenas galego-falantes dos que saen, o que demostra que o noso sistema educativo segue a ser desgaleguizador. Ademais, a modo de exemplo máis detallado, inclúen-se tamén os datos concretos da evolución do (in)cumprimento do Decreto nunha comarca determinada, O Salnés, desde o curso 95-96 até a actualidade: nestes momentos a media de incumprimento nos centros de ensino

desta comarca sitúa-se no 51%.

A resposta da Consellaría de Educación

A pesar destes datos e de que o propio Decreto establece que é responsabilidade da Consellaría de Educación pór os médios para que se cumpra a lexislación vixente, a administración teima en negar a realidade e nega-se a pór en marcha nengunha medida ao respecto salvo enviar circulares aos centros lembrando o que di a Lei e facendo chamados abertos ao profesorado para “animá-lo” a que faga maior uso do galego.

Entrevista co Director Xeral de Política Lingüística

Ao día seguinte da manifestación do pasado 17 de Maio, o Director Xeral de Política Lingüística, Xesús Paulo Glez. Moreiras, dirixíase á Mesa para manifestar o seu interese en manter unha entrevista, polo que dous representantes das organizacións convocantes da campaña “O galego no ensino, materia pendiente” mantiveron unha reunión con el días despois. Na entrevista, lonxe de presentar-nos algun tipo de medida para pór en marcha a comezos do presente curso académico, o DXPL limitou-se a insistir en que xa se están a facer moitas cousas no camiño de conseguir unha maior incorporación do galego no ensino (citaba como iniciativa *estrela* a campaña “Entre nós, en galego”) e que, polo tanto, a intención da administración é manter unha liña de continuidade. Ademais, segundo o DXPL, non tiña sentido pór en marcha nada novo para comezos deste curso porque ao haber eleccións en outubro non había garantía de poder dar-lles continuidade. Se temos en conta que na entrevista que A Mesa mantivera con el en setembro do ano pasado, ao pouco de ser nomeado, tamén falara de que non pagaba a pena abrir grandes liñas de traballo porque seguramente as eleccións ían ser en maio do 2001 e non había tempo para planificar, chegamos á conclusión de que a convocatória de eleccións

pode ser a coartada perfecta para non facer nada novo en case un ano e medio de xestión. Iso si, asegurou que se o PP gañaba as eleccións de outubro e el seguía no cargo, iniciaría a elaboración dun gran plan xeral de normalización lingüística, consensuado con todo o mundo: estabamos xa en pré-campaña electoral.

Requerimento directo a Manuel Fraga

Ante esa negativa por parte da DXPL a tomar medidas concretas para o comezo deste curso, elaboramos un requirimento dirixido ao presidente da Xunta de Galiza para que, a vista dos graves datos de incumprimento da lexislación vixente e a pasividade da DXPL, asumise a súa responsabilidade e realizase as xestións necesárias para que no comezo do curso non se producise un ano máis un baleiro absoluto neste tema. O requirimento, asinado pola Mesa, CIG-Ensino, STEG, Nova Escola Galega e ASPG, foi entregado a comezos de setembro no rexistro xeral da Xunta de Galiza. A resposta de D. Manuel adiou-se até despois das eleccións e non ten desperdicio, entre outras cousas por que en 18 liñas pouco se pode desperdiciar.

O Sr. Presidente dá por zanzado o asunto afirmando que “nos últimos anos a lingua galega fixo avances importantes, incrementando a súa presenza na administración, na educación, no mundo da cultura e da política e, sobre todo, pasou da aldea á cidade”. Para rematar cunha declaración de intencións: “Temos que recoñecer que queda moito por facer. Nos próximos anos seguiremos traballando ata conseguir a plena normalización da lingua galega e, por suposto, o



Cos meus mellores desexos

Por segundo ano, e despois da boa acollida que esta iniciativa tivo o pasado ano, A Mesa pon en marcha a campaña “Cos meus mellores desexos”, dirixida ao sector do comercio do noso país. Como poderedes ver polos materiais que vos enviamos, trata-se da edición de etiquetas adhesivas para personalizar os agasallos, pensadas especialmente para as datas de nadal. Damos resposta a unha demanda que moitos de vós nos facedes desde hai tempo: ir editando material de papelaría que no mercado non está dispoñible no noso idioma. Ademais, é unha nova iniciativa dirixida ao comercio que se suma ás que A Mesa leva desenvolvidas ao longo dos anos (rebaixas, rótulo de aberto/pechado, campañas informativas, etiquetaxe en galego, ...)

En galego para os comerciantes e para o consumidor

Con estas etiquetas adhesivas buscamos un triple nivel de incidencia:

- ofrecer aos comerciantes unhas etiquetas que lles foran de utilidade e que contribuisen a mellorar a cualidade de ser-

vizo que ofrecen aos seus clientes.

- que as persoas que mercaran e merquen os agasallos dispuñeran dun espazo no que escreber o nome da persoa á que se dirixen ao mesmo tempo que transmitir en galego unha mensaxe de felicitación mediante un soporte cómodo, atractivo e orixinal.

- chegar coa mensaxe, no noso idioma, tamén aos destinatarios finais.

Colaboración cos Concellos

A campaña realizou-se o pasado ano en colaboración con distintos Concellos do país que achegaron o financiamento necesario para podermos distribuír gratuitamente as etiquetas entre os comerciantes e que todos eles as tivesen ao seu dispoñible para poderen utilizá-las cos seus clientes. Despois das datas do Nadal realizamos unha pequena enquisa entre concellos e comerciantes para coñecer-mos a valoración que facían da campaña: a boa acollida animou-nos este ano a pór en marcha unha nova edición da campaña, na que incorporamos algunhas melloras tendo en conta as suxestións que nos fixeron os propios comerciantes.

Achegamos-vos xunto co presente boletín algunhas mostras deste material para que o coñezades e lle



Correlingua 2001



Como en anos anteriores, o pasado mes de maio tivo lugar unha nova edición de Correlingua, a carreira en defensa do idioma que temos organizado en distintas zonas do país tentando implicar nela a toda a sociedade e, moi especialmente, á xente máis nova. Este ano, Correlingua apresentou unha importante novidade: da man da CIG-Ensino, ASPG e Nova Escola Galega, coa colaboración da Mesa e outras moitas organizacións e concellos, estendeu-se a iniciativa de maneira coordinada a todo o país baixo o lema xeral “Non fiques coa lingua de fóra”. Comezaba a iniciativa en Vigo o día 8 de maio e remataba en Compostela o día 16, logo de percorrer distintas vilas e cidades do país (Ponteareas, Tui, Ourense, Lugo, Monforte, Ferrol, A Coruña, Pontevedra, etc.) e mobilizar a máis de 20.000 mozos e mozas, non só nas carreiras senón noutras moitas actividades paralelas que acompañaron esta iniciativa coa que se pretende fomentar o debate arredor da necesidade de implicación da xente máis nova no traballo por unha maior presenza social do galego.

Etapa final en Compostela: “Busca un tesouro, atopa a lingua”

En Compostela, onde Correlingua conta cunha maior tradición, a carreira do día 16 estivo precedida por un traballo prévio que se desenvolveu nos centros de ensino nas semanas anteriores e que consistiu na celebración dun xogo de aula e un xogo de rua baixo o lema “Busca un tesouro, atopa a lingua”. O xogo de aula incluíu a edición de 20 fichas nas que se describían diferentes situacións, co obxectivo de que, a través da súa dramatización, o profesorado puidese traballar nas aulas o uso oral do galego nas situacións e contextos máis diversos. Ademais, elaboramos tamén un xogo de rua, no que se inscribiron 68 grupos de distintos centros de ensino, que debían buscar a solución ao xogo a través de pistas que estaban distribuídas en comércios e entidades da cidade que desenvolven as súas actividades no noso idioma, nun esforzo por facer-lles ver aos rapaces e rapazas cal é a presenza do galego no sector comercial e empresarial da cidade e afacé-los a que teñan en conta e valoren ese importante esforzo que moitos comércios veñen facendo por usar o galego con normalidade nas súas actividades.

O programa educativo “Vive a lingua”

Entre os grupos que resolveron correctamente o xogo de rua sorteou-se un premio moi especial: a estadia do grupo durante dous días no albergue de Lodoselo para participar no programa educativo “Vive a lingua”, organizado pola Mesa en colaboración coa ATL Mistura. Este programa que A Mesa puxo en marcha o pasado curso e que continuaremos desenvolvendo no presente curso 01/02, está pensado para centros de ensino como experiencia interdisciplinar con actividades que se desenvolven desde a nosa realidade social e



cultural e no noso idioma. Durante dous días, os rapaces e rapazas, acompañados por un grupo de monitores e monitoras, participan en xogos e actividades relacionadas con distintas materias de ensino (matemáticas, historia, xeografía, lingua, literatura, física e química, expresión plástica e musical, etc.), pensadas desde a nosa realidade social e cultural. Logo desta experiencia positiva que desenvolvemos de maneira piloto o pasado curso, A Mesa tentará facer chegar este programa educativo no presente curso ao maior número

Acampalíngua:

unha proposta que se consolida



Seguindo a liña iniciada en veráns pasados e apostando por unha política lingüística para os cativos e as cativas deste país, A Mesa segue a organizar cada verán un campamento de animación e dinamización lingüística nas instalacións do *Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso"* emprazado na aldea de Lodoselo, Sarreaus, na Límia (Ourense). Nenos e nenas de todo o país comparten durante uns días a experiencia de coñecer a natureza da zona, de achegar-se á súa realidade social, económica e cultural, de desenvolver as actividades que a equipa de monitores e monitoras da ATL Mistura prepararon para eles e, sobre todo, de facer amigos e pasá-lo ben.

Se no ano anterior os rapaces e rapazas participantes, divididos en dous grupos de bolboretas e papaventos, tiveran como tarefa central do campamento tentar escoitar o son das pedras e descubrir a Galiza que non se ve, este ano os nenos e nenas tiñan que defender o país dos ladróns da lingua, tentar desbaratar os seus plans de roubar-nos o galego e ir gañando en cada proba as primaveras que han garantir o futuro do idioma, cunha serie de xogos nos que, na xornada final de convivencia, tiveron a oportunidade de participar tamén as familias dos nenos e nenas participantes.

Os ladróns da lingua

O fio conductor do campamento foi a loita contra os ladróns da lingua, membros da multinacional The Biggest Culture Corporation. Estas sinistras figuras roubaron a lingua galega e todas as súas manifestacións culturais para uniformizar e globalizar o mundo, e os nenos e nenas son os encargados de recuperar todos os espazos de uso do galego que os ladróns roubaran e conseguir primaveras así que o plan dos ladróns sexa un fracaso.

Actividades variadas

Arredor dese fio conductor dos ladróns da lingua, desen-

volvéron-se todo tipo de actividades: xogos de pistas, obra-
doiros (coiro, sombras, postais, fornada de pan, fiada, cami-
setas, etc.), saídas (á piscina de Sarreaus, á festa de Frei-
xo, a Couso), veladas, deportes, grandes xogos (alerta no
monte, lingüendo,...), etc.

Avaliación e futuro Acampalíngua

Logo de analizarmos os resultados das enquisas de avaliación dos rapaces e rapazas, os comentários directos con moitos deles e coas súas familias, así como con moitas outras persoas interesadas neste tipo de actividade, parece evidente a necesidade de seguirmos traballando nesta liña e continuar a mellorar a proposta con novas achegas que, respectando o obxectivo de fondo da actividade, teñan en conta as ideas que tanto os monitores como os propios rapaces e rapazas nos fan.

Algunhas opinións

O Acampalíngua foi moi divertido; gustaría-me que durara un mes. Espero que para o ano volvan todos os que estiveron este ano.

Eu só vou dicir unha cousa do Acampalíngua: que vou volver todos os anos.

O Acampalíngua foi moi guai: fixen moitos amigos.

Nunca crin que o fose pasar tan ben no Acampalíngua, e aquí coñecin o meu mellor amigo.

O Acampalíngua gustou-me moito, espero que meus pais me deixen volver para o ano.

Os veciños de Lodoselo son moi simpáticos e a paisaxe é moi bonita.

Se es galego e che gusta falar galego aconsello-che o Acampalíngua: todo está feito polo galego.

Aprendin que o galego é moi importante.

Aprendin que xogar en equipo é moito mellor.

BREVES

CAPITANIA MARÍTIMA de Noia

A Capitania Marítima de Noia, organismo de carácter oficial dependente do Ministerio de Fomento baixo a Dirección Xeral da Mariña Mercante, agredía a lexilación vixente en materia lingüística cun *NOYA que aparecía no rótulo da súa fachada.

Dende a coordenadora da Mesa en Muros-Noia diriximos-lles un escrito lembrando-lles que a única forma oficial dos topónimos das diferentes vilas é a galega, de xeito que *Noya a todos os efectos era unha forma incorrecta, polo que o letreiro pendurado nas dependencias existentes da citada vila debía ser retirado e restaurado coa forma propia.

Días despois dende a capitania limitáronse a eliminar o nome da nosa vila do citado letreiro: nen *Noya nen Noia.

Telefónica: 1004 ... Prema o 2 ou diga galego

Despois de longas conversas cos directivos de Telefónica e de numerosas protestas tanto da Mesa como de moitos usuarios e usuarias a nivel individual, Telefónica caeu da burra e puxo ao noso dispor a opción de galego no servizo 1004 de atención persoal. A propia empresa comunicou esta posibilidade de uso do galego a través do envío dun folleto no que, para maior sintonía, utilizaban a tipografía de letra impresa de Castelao.

Con todo, aínda que a opción se ofrece cando un chama ao 1004, ao seleccioná-la non sempre ocorre o que nos din e a chamada en moitas ocasións non é atendida en galego. Por iso resulta de suma importancia que a utilizemos e que demandemos e insistamos en ser atendidos en galego cando isto non ocorra: xa que nos piden que premamos o 2 se queremos ser atendidos en galego, non deixemos estar a cousa así se nos atenden en español.

Correos e Telégrafos

Denunciamos ante o Director Terri-

torial de Correos e Telégrafos de Galiza, D. Ricardo Martínez Bereijo, o uso deturpado do topónimo de *Ponteareas* no carimbo especial conmemorativo da Exposición Filatélica dos actos da Festa do Corpus. A resposta e a corrección de correos non se fixeron esperar e o carimbo apareceu finalmente coa forma *Ponteareas*. Por suposto fora o propio Concello quen marcara o texto orixinal coa forma **Puentearreas*. A mesma xestión houbo que facer para outra exposición filatélica semellante en Noia.

O PSdeG de Vigo non sabe galego

Denunciamos tamén o feito de que as concellarias de Cultura e Turismo do Concello de Vigo non cumpren o establecido na ordenanza municipal de normalización lingüística vixente no propio concello: uso practicamente exclusivo do castelano en intervencións públicas, cartaces, folletos, exposicións e todo tipo de iniciativas, mesmo coa utilización de formas toponímicas deturpadas. A pesar de que tentamos manter unha entrevista cos responsábeis socialistas destas concellarias, a súa resposta foi nula e non mudaron o máis mínimo o seu comportamento: debe ser o mestre Paco Vázquez que vai criando escola!!

E na Xunta de Galiza suceden-se os “despistes”

Unha temporada máis tivemos que denunciar os contínuos atentados, con reincidencia, executados pola administración da Xunta de Galiza da man de diversas Consellarias. Xa estamos afeitos ao escaso ou nulo uso público que do galego fan altos cargos da administración autonómica e aos contínuos incumprimentos da cativa lexislación vixente en materia lingüística, mais non por seren habituais podemos deixar que fiquen sen resposta. Vexamos algúns exemplos. A Consellaría de Familia, Muller e Xuventude editou unha guía informativa, RIX. Rede Galega de Información Xuvenil, e puxo na rede un sitio web sobre o evento Gal-

icia Net, nos que podíamos atopar as seguintes xoias toponímicas: **Noya*, **Villagarcía de Arosa*, **Cotobad*, **La Coruña*, **Los Nogales*, ** Mellid*, **Otero de Rey*, **Puebla de Brollón*, **Villalba ...* Ante as nosas protestas, a resposta da Consellaría non puido ser máis “orixinal”: trataba-se de “despistes” que se solucionarían para futuras edicións.

Tamén a Consellaría de Pesca se animou a seguir o exemplo e editou unha guía en castelano e coa toponimia deturpada. O volume en cuestión chama-se “Mar de Galicia” e recollen unha listaxe de organismos das diferentes administracións, organizacións de produtores, asociacións e confrarías de pescadores, etc. Nela informámonos de que a Consellaría ten a súa sé en **San Cayetano* e que o centro de Control de calidade do medio mariño está en **Villagarcía de Arosa*, non lonxe da **Isla de Arosa*. Ademais, son moitas as entidades que están na provincia de **La Coruña*. Solicitamos a retirada da guía e a realización dunha nova edición en galego coa toponimia na súa única forma correcta: por máis que o tentamos, non houbo resposta.

Tamén lle fixemos chegar o noso protesto ao presidente da Xunta e os diferentes grupos parlamentares pola discriminación do galego no portal de internet www.comarcasdeg Galicia.com enmarcado dentro do proxecto www.cetadec.net. Os responsábeis de tal evento introduciron unha icona para o galego, mais ao premer nela indicaba que estaba en construción e a única versión que funcionaba perfectamente era a castellana. Meses despois da súa posta en funcionamento, a versión en galego segue a estar “en construción”. Velaquí a preocupación do noso goberno cara ao proceso de normalización lingüística nun ámbito tan necesitado de usos lingüísticos en galego coma o das novas tecnoloxías.

Tamén á TVG enviamos varias protestas por varios “despistes” lingüísticos: aínda seguimos a agardar resposta!!

Caixanova tamén se despista

Numerosas chamadas de centros de ensino chegaron ao local da Mesa para denunciar o concurso que “CAIXANOVA, A caixa galega (un dicer) do século XXI” enviou o pasado curso, en castellano, baixo o lema “El escudo, bandera e himno de Galicia”. CAIXANOVA non só deixaba en evidencia a falacia do lema da súa nova imaxe corporativa, senón que ignoraba os esforzos que dende o ensino están facendo moitos e moitas profesionais para recuperar a nosa lingua e cultura. Contestaron-nos axiña para pedir desculpas e dicer que fora “un despiste”, que non volvería acontecer. Iso si, non se molestaron en pedir-lles desculpas aos centros de ensino por esta exclusión do galego nunha campaña que, para máis ironía, tiña como elementos centrais tres elementos simbólicos da nosa identidade.

Que calidade garante Aenor?

Resulta cando menos curioso que unha entidade oficialmente recoñecida para outorgar a outras empresas certificados de calidade como aval de que dispoñen de sistemas de calidade e que cumpren coa lexislación vixente incumpra ela mesma a lei. É o caso de AENOR. Dirixímonos a eles para demandar que respeitasen en toda a súa documentación a lexislación vixente con respecto a formas toponímicas, ao tempo que amosabamos tamén a nosa protesta e pediamos explicacións polo feito de que apercibiran a unha empresa por empregar o idioma galego na documentación apresentada para conseguir o certificado de calidade que eles emiten. A resposta: que xa estaban no proceso de actualizar toda a toponimia, pero que se trata dun proceso lento porque supón moitos cambios na súa infraestrutura. Case un ano despois da nosa protesta, ali seguen por exemplo *La Coruña e *Orense. Pois si que son lentos en introducir cambios: iso é calidade!!!

www.galiciaestrella.com

Desde hai poucas datas contamos cun novo xornal na rede baixo a denominación www.galiciaestrella.com. Trátase, supostamente, da versión galega de www.estrelladigital.es, xornal este, que ten a ben anunciar-se baixo o epígrafe de “el primer diario electrónico en

español”.

Pois ben, o seu fillo máis novo, ben podería anunciar-se do mesmo xeito posto que nel non atopamos nin unha soa palabra en galego.

Desde a MNL puxemo-nos en contacto co editor de “estrella digital”, co director do proxecto “Ciudades estrellas” (xérmolo de “galicia estrella”) e co director da propia publicación facendo-lles ver a enorme importancia que tanto os medios de comunicación como as novas tecnoloxías representan na sociedade actual e, por iso, a enorme importancia que adquire a lingua que estes medios utilizan.

De igual forma insistiamos no feito de que iniciativas como estas poderían colaborar decisivamente no despegue cultural do noso país e no uso normal da nosa lingua, mais pola contra, ao empregar exclusivamente o castellano converten-se nun novo atranco no camiño da normalización lingüística.

Por todo iso demandabamos-lles un cambio radical na concepción lingüística e a incorporación total ou progresiva da lingua galega na súa publicación.

Até o momento non obtivemos ningún tipo de resposta. De perdurar esta situación non descartamos algun tipo de iniciativa. Seguiremos informando.

Casa del Libro Vs Casa do Libro

Dirixímonos aos responsábeis da nova librería que a Casa do Libro acaba de abrir en Vigo para lles manifestar a nosa sorpresa e desagrado polo feito de que o nome dese novo establecemento sexa “Casa del Libro” e non “Casa do Libro”, como cabería agardar dunha atitude de respecto cara ao noso idioma, moi especialmente se temos en conta que a librería que teñen en Barcelona está rexistrada como “Casa del Llibre”, nome que utilizan nos rótulos e en toda a documentación da mesma. Ademais do cambio de nome, solicitabamos que o galego estivese presente en todas as súas actividades (rotulación, papelaría interna e externa, publicidade, comunicacións, atención ao público, etc.) Na resposta que nos deron tanto o encargado da librería en Vigo como a directora da cadea en Madrid insisten en que non hai o máis mínimo desprezo ao galego e que o nome rexistrado da cadea de librerías é “Casa del Libro” (o caso da librería de Barcelona é unha excepción). A pesar

de que quedaron en estudar o tema, salvo a instalación duns rótulos co nome en galego na fachada á par do nome en español, poucos cambios se notaron nos tres meses de funcionamento e a lingua de comunicación maioritaria da librería segue a ser o español.

Tradución xurada para o galego

Solicitamos da DXPL que elaborase e promulgase un decreto para regular a habilitación profesional de tradutores e intérpretes xurados entre o galego e outras linguas. Ademais, desenvolvimos unha campaña de entrega de escritos asinados por persoas a nivel individual e dirixidos ao presidente da Xunta de Galiza con esta mesma demanda. O proceso de elaboración deste decreto iniciárase o pasado ano, cando aínda estaba no cargo o anterior Director Xeral de Política Lingüística, en coordinación coa Facultade de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo, mais o proceso ficou parado despois de que tomase posesión a nova equipa da DXPL. Tendo en conta a importancia que este tema ten para a regularización da nosa lingua no campo da traducción da documentación producida nos ámbitos xudicial, económico e administrativo, así como a crecente demanda que hai destes servizos de traducción e interpretación xuradas por parte de empresas e institucións, resulta incomprendible que se parase sen nengunha explicación este proxecto. Debemos ter en conta ademais que hai anos xa que o Ministerio de Asuntos Exteriores lles transferiu ás comunidades autónomas con lingua propia as competencias en materia de traducción e interpretación xuradas e a habilitación neste caso é responsabilidade da Xunta de Galiza. A Mesa entregou no rexistro da Xunta de Galiza centos de instancias de persoas interesadas neste tema que reclamaban unha solución ao problema da escaseza de tradutores xurados doutras linguas cara ao galego, pois os poucos que hai (catro para todo o país, só tres deles en exercicio) foron habilitados polo Ministerio de Asuntos Exteriores mediante unha proba cando aínda tiña competencia para facé-lo e nos últimos dez anos non se incorporou ningún novo xa que o último aprobou os exames no ano 1991.

Tres semanas despois de que comezamos a campaña de entrega de ins-

Celebramos a nosa VII Asemblea Xeral

Tal e como vos informamos no seu momento, o pasado 2 de decembro celebramos en Santiago de Compostela a nosa VII Asemblea Xeral. Fixemos balanço económico e de actividades dende a anterior asemblea xeral, eliximos unha nova Comisión Permanente e debatemos un documento coas propostas de traballo para o futuro.

Asembleas comarcais

Previamente, entre os días 20 e 30 de Novembro, diferentes membros da Comisión Permanente presentaron e debatiron en trece zonas do país os documentos que foron levados á VII Asemblea Xeral de Sócios e Sónas, recollendo propostas de iniciativas que se incorporaron aos documentos presentados o 2 de decembro en Compostela. Algunhas das demandas e propostas xa foron atendidas, noutras estamos traballando nestes momentos e outras van ter que quedar de momento en espera por limitacións humanas e económicas da organización.



Nova Comisión Permanente

Apresentou-se unha única candidatura para a Comisión Permanente da organización, encabezada por Concha Costas, que foi re-elixida como presidenta. Da candidatura, integrada por un total de dez persoas, formaban parte tamén catro persoas que xa pertencían á anterior Comisión Permanente da Mesa: Xosé Baldomir, vice-presidente primeiro; Maruxa Guistián, secretaría de organización; Xoán M. Garrido, secretario de administración e finanzas; e Verónica Reñóns, responsábel da Mocidade pola Normalización Lingüística. Ademais, incorporáronse á xunta directiva da Mesa cinco persoas novas: Eduardo Garcia Parada, vice-presidente segundo e responsábel do Colectivo de Nais e Pais; María Xosé Rial Conde, secretaria de campañas; e, como vocais responsábeis de distintas áreas de traballo Concepción Cochón, Héctor López de Castro e Emilio Ínsua.

Por outra banda, houbo tamén dúas persoas que deixaron as súas responsabilidades na Comisión Permanente da organización ás que queremos desde aquí enviar o noso recoñecemento e agradecemento pola súa dedicación nestes últimos anos: Xosé María Fernández Martínez (quen seguirá vinculado

á asociación como responsábel de zona no Salnés) e Xoán Comesaña. Ambos foron nomeados na Asemblea Sócios de Honra da organización, en recoñecemento ao seu traballo na Mesa.

Proxectos aprobados

Ademais de debater e aprobar o Informe de actividades e o Informe económico, aprobou-se tamén un documento con distintas propostas de actividades, ás que se sumaron as ideas que foron xurdindo nas distintas asembleas comarcais e as que se propuxeron na propia asemblea xeral (por exemplo, a realización dunha campaña de reivindicación da lingua vencellada ao recoñecemento da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade, campaña que xa foi realizada e que vos enviamos hai uns meses). Á parte da continuidade dalgunhas iniciativas que se veñen realizando nestes últimos anos (correlíngua, convocatória de manifestación conxunta con outras organizacións o 17 de Maio, acampalíngua, etc.), resumimos a continuación algunhas das actividades e liñas de traballo aprobadas, sobre as que a Comisión Permanente elaborou posteriormente unha planificación de prioridades que, como ocorre sempre, está suxeita ás cousas que nos vaia demandando o día a día:

- Previsión de realización de tres campañas xerais: galeguización e recuperación de nomes e apelidos (que se acaba de pór en marcha), procura de maior presenza do galego no proceso de obtención do permiso de conducir (estamos traballando nela) e demanda de maior uso do galego nas cadeas dos supermercados con implantación no noso país (pendente de realización).
- Co gallo do 15 aniversario de constitución da Mesa propuxo-se desenvolver unha campaña de afiliación (que acaba de pór-se en marcha), renovación e mellor aproveitamento do noso sitio web (está practicamente rematado), levar a cabo a recopilación e análise de todas as campañas e proxectos realizados pola Mesa que terán como punto e final a elaboración dun libro (está na fase final de redacción); editar unha antoloxía de relatos onde escritoras sóas e escritores sóas da Mesa reflexionen sobre o conflito lingüístico existente na Galiza (recebemos xa aproximadamente a metade e poderá editar-se no 1º trimestre do ano 2002); e organizar uns encontros sobre a situación actual da lingua en distintos ámbitos e a liña de actuación que a nosa organización pode ter neles: estamos a deseñar nestes momentos un método de traballo por comisións e un calendario, pensando na posibilidade de que se celebre no primeiro semestre do próximo ano.
- A extensión ás diferentes comarcas do traballo dos Colectivos que integran a Mesa despois da aprobación das propostas presentadas. O *Colectivo Nais e Pais*, despois da súa constitución a nivel nacional, desenvolverá campañas de: dinamización lingüística mediante o xogo, recopilación e demanda de material audiovisual, demanda de cumprimento do Decreto 247/95 e elaboración e venda de produtos para nenos e nenas. A *Mocidade pola Normalización Lingüística* despois de ir consolidando nestes anos un discurso e traballo propio continuará centrando os seus esforzos no ensino

Novos atrancos ao uso do galego no Rexistro Mercantil

Hai uns meses puxeron-se en contacto coa Mesa os responsábeis de varias empresas galegas para denunciar as dificultades que tiñan para exercer o seu dereito a presentar e depositar en galego as súas contas anuais no Rexistro Mercantil da Coruña, institución que leva anos mostrando-se como un muro refractario a calquer iniciativa galeguizadora.

Nesta ocasión, os problemas viñan dados pola ausencia de modelos oficiais en galego para presentar os estados contábeis, formulários que en exercicios anteriores contaban cunha versión bilingüe. Estas dificultades coinciden co fornecemento polo Colegio Nacional de Registradores de la Propiedad y Mercantiles de España dunha aplicación informática que pretende “facilitar” a presentación no Rexistro das contas anuais. Pero alén de non estar dispoñible en galego, este software só reconece e permite utilizar as formas toponímicas deturpadas *La Coruña e *Orense.

Antecedentes no ano 1998

A discriminación do galego no Rexistro Mercantil, nomeadamente no da Coruña, viveu un episodio especialmente

lamentábel en 1998, cando a varias empresas se lles esixiu que apresentasen unha tradución ao español das súas contas anuais. Logo dunha campaña de presión cidadá coordinada pola Mesa, o Congreso dos Deputados aprobou en xuño de 1999 unha proposta de resolución do BNG na que se instaba ao Goberno a que realizase as xestións oportunas para que os Rexistros Mercantis situados en comunidades autónomas con lingua propia aceptasen a documentación en calquer das linguas oficiais.

A batalla das empresas

Ante a negativa dalgunhas empresas a ceder ante esta nova discriminación, A Mesa realizou as correspondentes denuncias diante da Dirección Xeral de Rexistros e diante da propia Xunta de Galiza e coordinou unha nova campaña de presión protagonizada nesta ocasión polas propias empresas. Elaboramos un modelo de escrito para que fosen as empresas as que manifestaban a súa negativa a ter que entregar as súas contas cos modelos en español e solicitaban modelos en galego en tempo e forma. Os escritos asignados polas empresas foron recollidos e entregados pola Mesa no propio Rexistro Mercantil e aínda hoxe, fóra xa de prazo, as empresas seguen á espera de que a administración lles respecte o seu dereito ao uso do galego. Unha mostra máis do nulo respecto do goberno central pola pluralidade lingüística do Estado e da pasividade da Xunta de Galiza, que alegou non dispor de competencias neste tema para eludir a súa responsabilidade de defender e reclamar o respecto aos nosos dereitos lingüísticos.

Nomes e apelidos galegos de raíz

Desde que se aprobou a nova lexislación que permite a galeguización de nomes tamén aos nados despois de 1977, a restauración de formas deturpadas de apelidos e a inversión da orde dos mesmos, chegaron-nos moitas dúbidas de persoas concretas sobre como realizar os trámites e sobre cales serían as formas correctas dos seus apelidos, así como numerosísimas denuncias de rexistros civís que poñen pegas innecesarias á aplicación desta lei. Ao irmos falando cos responsábeis dos distintos rexistros que poñían dificultades, fomos comprobando que, salvo casos concretos de actitudes claramente antigalegas, había moita desinformación e moita prevención: desde descoñecer a existencia da propia lei até pedir máis papeis dos precisos por se acaso.

Logo de que fixesen uso inicialmente das posibilidades da nova lei maiormente aquelas persoas que xa tiñan intención de facé-lo e só agardaban a súa aprobación e entrada en vigor, A Mesa

pon agora en marcha unha campaña informativa e sensibilizadora coa que pretendemos chegar ao maior número de persoas para animá-las a que asuman o seu dereito e responsabilidade a recuperar os nosos sinais de identidade como pobo, as formas galegas dos nosos nomes e apelidos.


Todo o que sempre quixechesaber

Como parte fundamental da campaña, A Mesa editará unha guía titulada “Todo o que sempre quixechesaber sobre a galeguización de nomes e apelidos e nunca ousache preguntar” na que se recollerá toda a información referente aos cambios que legalmente podes realizar no teu nome e apelidos para axeitá-los ás correctas formas galegas: explica o que di a lei, que trámites debes facer e onde, que documentación precisas, etc. Tamén ofrece modelos de instancias e dá resposta ás dúbidas

máis frecuentes que se nos foron presentando desde que a nova lexislación entrou en vigor. Esta guía distribuirase non só entre a cidadanía senón tamén en centros de ensino, nos concellos e nos rexistros civís onde, segundo puidemos comprobar nestes últimos meses, carecen de calquer tipo de información ao respecto.

Outros materiais

A campaña “Nomes e apelidos galegos de raíz” inclúe tamén a edición dun folleto explicativo cun resumo da lexislación vixente para distribuír masivamente, uns cartaces para distribuír en hospitais e maternidades e unhas propostas didácticas para traballar nas aulas un tema de vital importancia na recuperación dos nosos principais sinais de identidade, a árbore xenealóxica do noso país, unha tarefa na que a xente nova sen dúbida vai ter unha enorme importancia.



“Artigo 13.1: Os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna”

Lei de Normalización Lingüística de Galiza (3/1983)

Nais e Pais Polo Ensino en Galego

O traballo do Colectivo de Nais e Pais polo Ensino en Galego tivo nestes últimos meses como eixo central a campaña “Xogas? En galego podemos”, de dinamización lingüística mediante o xogo, aínda que procuramos seguir mantendo outras liñas de traballo: creación de novos grupos locais do colectivo en Santiago de Compostela e Pontevedra, que se suman aos de Vigo e O Salnés; seguimos traballando na compilación de material audiovisual en galego e mesmo estamos estudando as posibilidades de re-editar algúns materiais ou buscar formas doadas de distribución para que estexan dispoñíbeis; cartas e entrevistas con responsábeis de garderías e escolas infantís de distintas zonas para coñecermos a situación real de uso do galego nestes centros e tentar conseguir unha ampliación da oferta.

Xogas? En galego podemos

Como dicíamos, esta foi a campaña central do Colectivo nestes últimos meses. Trátase dun programa de actividades de lecer que pretenden criar mediante o xogo e o divertimento un clima propicio para o uso do galego entre aqueles cativos e cativas que xa o falan na casa, así como unha oportunidade de achegamento á nosa lingua para aqueles que non a falan habitualmente. O programa desenvolveu-se entre os pasados meses de marzo e maio en Vigo (6 sesións) e Pontevedra (5 sesións), coa colaboración dos respetivos Concellos. Ademais, houbo en Vigo unha fase posterior, organizada no Centro Comercial Praza Elíptica a iniciativa do propio centro, dentro dos actos de celebración do seu primeiro aniversario, e unha sesión máis en Vilagarcía, organizada polo grupo local do Colectivo nesta cidade.

As actividades e a nosa valoración

O programa incluía actividades de animación moi variadas: Migallas, co seu espectáculo “Canta connosco”, de cancións e teatro; Paula Carballeira, contos e xogos lingüísticos; Faíscas, contos; Cabezolos, xogos cooperativos; e Rivel Animación, con dúas sesións de contos, cancións, xogos e obradoiros de globos, tatuaxes, malabares, etc. As distintas sesións foron-se celebrando en diferentes espazos

das cidades de Vigo e Pontevedra cunha elevada participación de cativos e cativas que superou as nosas previsións iniciais. O Colectivo de Nais e Pais fai unha valoración moi positiva do desenvolvemento e resultados desta iniciativa, aínda que tamén tomou boa nota das dificultades e tirou conclusións que poidan axudar a completar e mellorar os resultados en futuras edicións, para irmos conseguindo o obxectivo principal do programa: crear espazos de lecer, fóra da casa, onde se promova e facilite o uso do galego entre a poboación infantil,

Xornada sobre educación e lingua

Como resultado dunha demanda e inquietude que moitos pais e nais nos tedes presentado en distintos actos e reunións do Colectivo, imos organizar o vindeiro día 15 de decembro, en Vigo, unha xornada de traballo e intercambio de experiencias sobre os retos e dificultades de educarmos aos nosos fillos e fillas en galego e o choque que iso supón cando se incorporan a un sistema educativo e un entorno con outros nenos e nenas que teñen como lingua veicular maioritaria o español. Tentar resolver dúbidas, buscar recursos que reforzen e afianzen o noso traballo, intercambiar experiencias, etc. son algúns dos obxectivos que tentaremos alcanzar

Xa temos sitio WEB de Nais e Pais polo Ensino en Galego

Toda a información sobre as actividades que estamos a desenvolver, a documentación, recursos en lingua galega, o que nos gustaría facer, etc. Podes contactar con nós, enviar-nos as tuas suxestións, participar nas nosas campañas, etc. Podes acceder dende a páxina d'A Mesa (www.amesanl.org) ou directamente escribindo

www.amesanl.org/npeg/

Oposicións á Xunta de Galiza: contra a eliminación das probas de galego

Recurso de reposición contra a convocatória de oposicións

Como informabamos no anterior *ReMesa*, no mes de Xuño do 2000 foron publicadas no DOG as Ordes da Consellaría da Presidencia e Administración Pública do 5 de Xuño do 2000 polas que se convocaban distintos procesos selectivos para o ingreso en diferentes corpos de funcionariado da Xunta de Galiza, introducindo algúns cambios a respecto das bases inicialmente aprobadas no DOG do 11 de Marzo de 1999, entre eles a supresión da obrigatoriedade do exame de lingua galega para todos os aspirantes.

O goberno priva-nos dos nosos dereitos

Con este feito, o goberno galego non só daba unha nova mostra de retroceso no proceso de normalización lingüística da administración pública galega senón que contradecía a responsabilidade que a cidadanía lle atribuíra a este organismo. As bases da convocatória privan á sociedade galega de funcionárias e funcionarios que poidan entender e atender mellor as demandas dos seus administrados. A pesar de que se fixeron ouvir moitas voces contrarias a esta decisión de suprimir a obrigatoriedade das probas (moitos opositores e opositoras, profesorado, persoas a nivel individual, a CIG, a propia Mesa, etc.), a Administración non recuou na súa decisión e negou-se a modificar a convocatória.

Recurso de reposición

Ante esta situación A Mesa apresentou un recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo contra a convocatória pública, por considerarmos inaceitábeis e contrarias a dereito as referidas alteracións que atinxían á proba obrigatoria de lingua galega que fora eliminada. A Xunta de Galiza respondeu rexeitando todos os nosos argumentos e pedimentos, entre eles a modificación da convocatória e a suspensión da realización das probas mentres esa modificación non se fixese efectiva.

O contencioso-administrativo

Finalmente, A Mesa impugnou ante a Sala do Contencioso Administrativo do TSXG a convocatória dos procesos selectivos para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galiza botando man da *Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedimento Administrativo Común* e a *Lei da Función Pública de Galiza*. Segundo estas leis o feito de poder acceder a estas prazas implica a superación dunhas probas teóricas e prácticas, non o simple trámite de acreditar méritos como pretende a Xunta nas convocatorias por nós impugnadas. Dende A Mesa demandamos ante a Sala do Contencioso que se manteña nas convocatorias recorridas o deber de realizar unha proba de lingua galega mediante probas adecuadas a cada categoría. Aínda que seguimos pendentes da resolución do contencioso, lamentablemente a Sala comunicounos a negativa a aceptar a nosa petición de suspender a realización das probas, o que favorecerá no seu momento a aplicación dunha política de feitos consumados que reafirmará esta decisión da Xunta de Galiza de seguir pondo trabas á plena e xusta galeguización da administración e seguirá pri-

Unión Fenosa, unha empresa con poucas luces

Como lembraredes, logo dunha anterior campaña de presión realizada no ano 97 baixo o lema “Que non electrocuten a tua lingua”, A Mesa retomou a finais do ano 99 as demandas de uso do galego por parte de Unión Fenosa: tras varios escritos e conversas telefónicas de escasos resultados, iniciamos unha campaña de envío de tarxetas para demandar, entre outras cousas, as facturas en galego (“En galego é de recibo”) e finalmente adoptamos a medida de non pagar os recibos do local da Mesa mentres non estivesen en galego, un dereito recoñecido no Estatuto Galego do Consumidor.

E chegou o corte de luz...

Tras diferentes negociacións e conversas, despois de moitas promesas e falsas desculpas asociadas aos socorridos “problemas informáticos”, logo de varias ameazas de corte de luz que non nos fixeron mudar de posición, a ameaza fíxose realidade e Fenosa cortou o subministro eléctrico do noso local en Compostela. Unha rolda de prensa con candeas e o rebumbio que a decisión provocou nos medios de comunicación fixeron que nos repuxesen o servizo e que nos chamasen para indicar que se tratara dunha “equivocación involuntaria”.

Solución “harmónica”: versión en castelano/galego

Finalmente, tras moitos meses de espera, fixeron efectivo o cambio prometido: unha ridícula versión castelano/galego que nen sequer afecta a todo o texto dos recibos e que estaba inicialmente inzada de construcións españolas (*resume de su facturación anual durante o ano 2000, *impuesto eléctrico...) e de deformacións de palabras (*medio ambiente), nunha completa falta de respecto e de interese en cuestións tan importantes e delicadas como a comunicación coa súa clientela.

A pesar de que lles manifestamos que esta non era a solución idónea e que, en calquer caso, os cambios necesarios son moitos máis, non se produciu nengun outro avance e seguimos a ter que aturar que sexa Fenosa, empresa que xera a súa enerxía eléctrica dos recursos galegos, quen continue poñendo os nomes de lugar con formas deturpadas e ilegais como **La Coruña*.

Con todo, o que resulta evidente é que os cambios introducidos, por pequenos que nos parezan, foron o resultado da nosa e da vosa presión diante da empresa, polo que debemos seguir insistindo para que amplien o uso do noso idioma e respeten os nosos nomes de lugar. Presumir de “empresa



Plataforma Polo Ensino en Galego

A Mesa , CCOO-Ensino, CIG-Ensino, STEG, ASPG, Nova Escola Galega



Como lembraredes, en decembro do 1999 a Consellaría de Educación fixera públicos os datos dun informe sobre a situación do galego no ensino que revelaba uns índices de uso máis que preocupantes e poñía de manifesto que o incumprimento do Decreto 247/95 era escandaloso. Daquela a Plataforma polo Ensino en Galego decidira centrar as súas actividades do curso 99/00 en denunciar esta situación, dar-lle a maior difusión posible a ese datos e desenvolver iniciativas para demandar respostas por parte da administración. Foi a campaña “Cumprimento do Decreto 247/95: misión imposible?” que incluíu a edición e envío aos centros dun folleto informativo no que se explicaban os resultados do informe, a convocatória dunha asemblea nacional de Equipas de Normalización Lingüística para analizar a situación e estudar propostas de presión, elaboración e envío a todos os centros dun modelo de documento para que fosen os propios centros os que protestasen diante da Consellaría, recollida e entrega na Xunta de Galiza destes escritos, etc. Pediamos-lle á Consellaría que debatese e preparase medidas que garantisen o cumprimento do Decerto a comezos de setembro do ano 2000.

Un 17 de Maio polo ensino en galego

Sen embargo, como xa vén sendo habitual, a Consellaría de Educación nen anunciou nengun tipo de medidas novas para o curso 00/01 nen sequer se dignou a contestar aos centros que asinaron os escritos de protesta. A Consellaría recoñecía o incumprimento da Lei, mais non facía nada para evitá-lo e mesmo ignoraba as peticións de ENL e claustros de profesores para que rematase esta situación. Ante esta atitude, a Plataforma decidiu que era necesario convocar unha mobilización de protesta, polo que lles propuxo ás organizacións que convocaban habitualmente a manifestación do 17 de maio que a deste ano 2001 estivese dedicada a denunciar a precaria situación do galego no ensino. A proposta foi aceptada e as distintas organizacións repartimos o traballo de divulgar a convocatória e as reivindicacións nunha campaña

prévia que rematou na manifestación que se celebrou en Compostela o propio 17 de maio baixo o lema “O galego no ensino, materia pendiente”, da que se vos informa neste mesmo boletín.

Outras iniciativas

Ademais destas iniciativas centradas en demandar, cando menos, o cumprimento do establecido na lexislación vixente, a Plataforma polo Ensino en Galego tivo tamén outras actuacións, das que destacamos dúas.

Por unha parte sumamo-nos ás múltiples protestas que xerou a decisión da Consellaría de Educación de adscriber a materia de Literatura Universal Contemporánea ao Departamento de Língua Española nos diferentes institutos galegos. Argumentara o Conselleiro días antes que eran os docentes do departamento de español os que estaban máis preparados por non entrar «praticamente a Literatura Universal» no temario para oposicións de filoloxía galega. Con estes comentarios a Xunta non só viraba unha vez mais as costas á normalización da lingua galega senón que desta vez facía mostra da ignorancia do mais alto cargo que integra o gabinete de Educación. Días despois, tras a presión social (exercida por parte do profesorado e sindicatos) o Conselleiro de Educación falaba dun erro no envío da Orde equivocada. Dende a Plataforma polo Ensino en Galego valorabamos positivamente o cambio anunciado que permitía a impartición da materia por parte de calquer profesor ou profesora da área de linguas (non exclusivamente os de lingua española) e considerabamos que era esta unha boa ocasión para reforzar a lenta incorporación do galego na docencia, polo que solicitabamos que se establecera que a citada materia fora impartida en galego independentemente do departamento responsable, mais para esta demanda non houbo resposta.

Tamén reclamamos á Consellaría de Educación que se fixera un seguimento dos libros de texto das materias que son de obrigada impartición en galego segundo o Decreto 247/95. É a propia consellaría quen ten que comezar a poñer as medi-

Como se chama a miña aula?

O pasado curso A Mesa desenvolveu un programa educativo en Vigo, en colaboración coa Concellaría de Educación, baixo o lema xeral “Como se chama a miña aula?”. Con este programa, no que participaron vinte centros de ensino da cidade, pretendiamos que se lles puxesen ás aulas e outras dependencias do centro nomes de diferentes figuras da nosa cultura, homes e mulleres que, desde distintos ámbitos (pintura, cinema, ciencia, arquitectura, literatura, etc.), axudaron a construír o noso país. O obxectivo era que os rapaces e rapazas que participasen no programa coñecesen e valorasen o legado desas persoas como unha forma de reafirmar-se, cos nosos propios referentes, desde a nosa lingua e a nosa cultura. Ao tempo, queriamos que desde os centros se puidese incidir no reforzamento da identidade dos rapaces e rapazas como galegos e galegas, un labor que, por responsabilidade, debe distinguir a nosa escola.

Materiais e desenvolvemento


O programa incluía a edición de diversos materiais:

- Un xogo didáctico de aula con dous niveis, primaria e secundaria. En cada nivel incluíanse probas, xogos e preguntas relativos a 30 figuras de distintos ámbitos da nosa cultura. Nunha primeira fase, os alumnos e alumnas tiñan que buscar a solución a esas cuestións, algo para o que ás veces precisaban da axuda do profesorado de distintas materias. Nunha segunda fase procedía-se á comprobación das respostas e á ampliación

de información sobre as distintas figuras.

- Unha carpeta para o profesorado co soluciónario dos dous xogos e unhas fichas con ampla información sobre as distintas figuras seleccionadas para o programa. Este material permitía un mellor achegamento ás persoas que aparecían no xogo e facilitaba o traballo de que cada centro escollese aquelas que lles parecían máis significativas ou axeitadas para “bautizar” os distintos espazos.
- Placas cos nomes escollidos para cada dependencia. Cada centro elaboraba a súa propia selección de figuras e espazos, procurando que tivesen unha certa relación (por exemplo, “Laboratorio Isidro Parga Pondal” ou “Aula de Debuxo Luis Seoane”).

Aínda que o programa presentou certas dificultades para a integración dos nenos e nenas máis pequenos, algo que teremos que mellorar en próximas edicións, a valoración foi moi positiva pois contribuíu a que os rapaces rompese a idea de vincular a nosa cultura só con figuras relacionadas co ámbito das letras e adquirisen referentes de distintos ámbitos do coñecemento, homes e mulleres que desde o seu traballo contribuíron a construír a



Campaña dirixida ao comercio

Nestes momentos estamos a realizar en colaboración coa Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Vigo unha campaña dirixida ao comercio da cidade coa que se pretende, por unha parte, coñecer cal é actualmente o nivel de uso do galego no sector, dar a coñecer os establecementos que xa están a usar o galego nas súas actividades e, finalmente, tentar ampliar a presenza do noso idioma aos comercios que non o usan aínda.

Tres fases

A campaña artella-se, pois, en tres fases. Unha primeira que está agora mesmo practicamente rematada e que con-

sistiu na elaboración dun traballo de campo: realización de enquisas entre os comerciantes dos distintos barrios e entrevistas cos responsábeis das distintas asociacións de comerciantes que funcionan na cidade e cos directores das principais áreas comerciais. Co estudo de resultados desta primeira fase, está-se a elaborar un informe para coñecer o nivel de uso real do galego e as principais demandas e necesidades do sector neste sentido. Nunha segunda fase daremos a coñecer os resultados do informe, así como unha relación dos comercios que xa usan o galego en maior ou menor grao, animando á cidadanía a valorar este elemento como unha mostra de atención ao cliente. E finalmente, nunha terceira fase na que tentaremos implicar ás asociacións de comerciantes e atendendo as súas propias demandas, tentaremos desenvolver iniciativas e presentar ferramentas que axuden a un aumento do uso do galego naqueles comercios e asociacións nos que a súa presenza é nula ou escasa.

Guía dunha Europa plurilingüe

Neste Ano Europeo da Línguas a *Fédération Européenne des Maisons de Pays*, asociación cultural en defensa das línguas e culturas minorizadas de Europa, vén de publicar en varios idiomas —língua propia da comunidade, língua estatal e tradución ao francés e inglés— a *Guide Européenne multilingue des Communautés culturelles et des Maisons de Pays d'Europe/ Multilingual European Guide of cultural Communities and of Maisons de Pays of Europe*.

Podemos atopar nestas páxinas unha aproximación á realidade social, lingüística e cultural de trinta e dúas nacións sen Estado acompañada de enderezos de interese entre os que cómpre destacar aqueles que nos achegan ás diferentes e diversas realidades sociolingüísticas.

Todas aquelas e todos aqueles que desexades adquirir algun exemplar podeades conseguilo enviando un xiro postal a nome de CCP FEMP: 12582 66V Marsella. O prezo de cada exemplar é de 80 francos franceses (12.20 euros), aos que se deben engadir 35 FF (5,34 euros) por gastos de



(ven da páxina 1)

o que fixo posíbel que hoxe poidamos “celebrar” estes 15 anos de vida.

Nestas festas regala libro galego,
regala lingua.



Urzaiz 125 • Tel/Fax 986 37 28 83 • 36205 VIGO

MOCIDADE POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Coa mocidade, o novo milenio será en galego

Neste novo ano a Mocidade pola Normalización Lingüística seguirá a traballar no marco da liña reivindicativa que ten desenvolvido nos últimos tempos. O cinema, o ensino, os medios de comunicación entre outros, serán os ámbitos nos que abordaremos con un discurso propio a reivindicación lingüística entre a mocidade. Entraremos en novos espazos, como o universitário, no que até o de agora non tiñamos projectado a nosa actividade de xeito específico.

Seguiremos mantendo a nosa estrutura habitual de traballo que seguirá tendo como eixo principal a programación dunha campaña anual. Como acontecera coa campaña Polo Galego no cinema, campaña central do curso 97/98; campaña Polo Galego nas ondas e de Ensino Médio, deixaron patente a efectividade da estrutura que temos adoptado para desenvolver a nosa actividade normalizadora até o momento.

Consideramos que até o de agora se teñen conseguido avances significativos en aspectos concretos relacionados co noso ámbito de actuación porque estamos certas e certos de que o novo milenio será en galego na medida que a mocidade teña capacidade para garantir o uso da lingua, seguiremos a traballar polo noso idioma coa mesma ilusión, intensidade e seriedade, e co convencimento de que co esforzo de todas e todos podemos progresar na normalización social da lingua galega.

Por un galego en plenas facultades.

Apartir do pasado mes de xaneiro na Mocidade da MESA, tomando unha proposta do grupo de traballo de Santiago de Compostela, temos pensado realizar unha campaña encamiñada ao ámbito universitário.

Conscientes das distintas realidades que se dan neste ámbito no noso país, desenvolveremos a campaña axeitando as nosas denuncias, información, sensibilización e reivindicación ás cualidades e necesidades específicas de cada unha das tres universidades galegas e adaptándoas as características sociolingüísticas dos diferentes Campus da Universidade de Vigo, da Coruña e de Santiago de Compostela.

Para que con esta campaña obteñamos o obxectivo que perseguimos, progresiva incorporación do galego a todas as manifestacións comunicativas que se dan no seo da comunidade universitária, precisamos da colaboración de todas e todos.

Sería interesante que persoas de todos os sectores que conviven nela, alumnado, profesorado, P.A.S e órganos de goberno se adheriran e participen da nosa campaña. Desde

aquí animamos-vos a todos e todas vós, especialmente ás e aos que tedes unha relación máis directa coa universidade a que participades das nosas iniciativas, propoñades outras novas... A unión de todos, pode facer que as cousas en materia lingüística muden nas nosas universidades.

Propostas de tipo organizativo

Os grupos da MOCIDADE nas comarcas, a nosa mellor garantía de traballo.

Nos últimos meses os nosos esforzos teñen-se centrado en aglutinar persoas sensibilizadas pola cuestión lingüística nas distintas comarcas do país. A nosa intención é que o maior número de mozas e mozos de diversas comarcas se impliquen nas campañas nacionais, pero sobre todo que desenvolvan un traballo estábel e dinamizador de actividades reivindicativas no seu contexto sociocultural e xeográfico.

Vén de ser constituído o grupo de traballo da Mocidade en Santiago de Compostela, algo que non se conseguira até o de agora.

Para a Mocidade pola Normalización Lingüística é moi positivo. Vén a afortalar a nosa estrutura organizativa e a garantir que se desenvolvan iniciativas dinamizadoras de reivindicación lingüística, nun espazo xeográfico que aglutina un moi diverso número de sectores sociais que conviven nun contexto sociocultural que é moitas veces referente para outros. Sería interesante que como en Santiago existiran grupos estábeis en comarcas nas que aínda non hai, como Ourense, Lugo, Pontevedra ...

Queremos facer-vos chegar a mensaxe de que todas e todos representamos un elemento importantísimo no proceso de restitución de dignidade idiomática para o noso país, por iso facemos-vos un chamamento para que vos impliqueis no Grupo de traballo da Mocidade que haxa na vosa comarca, ou que, coa nosa axuda, vos auto-organicades para criar un grupo estábel e dinamizador de actividades.


Contacto con outras organizacións

Seguiremos traballando con distintas entidades e organizacións xuvenis en campañas pontoais: coordinando a Plataforma do Alunado pola Galeguización do Ensino Médio, ... E por suposto, estamos abertas e abertos a escoitar, analizar e estimar propostas de outras organizacións. No seu caso, de considerar-se oportuno por ambas partes, desenvolverían-se campañas conxuntas.

**LIBRARIA
PEDREIRA**



Rúa do Home Santo, 55
Teléfono 981 58 54 03 - Fax 981 58 09 84
COMPOSTELA - GALIZA
Correo electrónico: libreria@librariapedreira.com
Local na rede: [//www.librariapedreira.com](http://www.librariapedreira.com)



Milenária, patrimonio da humanidade, chea de futuro: A LÍNGUA GALEGA

A Mesa realizou nos pasados meses unha campaña xeral de reivindicación da lingua, como resultado dunha proposta

património da humanidade para reivindicar o elemento fundamental do noso patrimonio, o idioma. Os materiais da

campanha, que vos enviamos o pasado mes de maio, incluían cartaces, marca-dores de lectura e auto-colantes que foron distribuídos por todo o país. Tras a boa aceptación que tivo este material estamos preparando xa unha nova fase da campaña, en colaboración co Concello de Lugo, coincidindo co 1º aniversario da designación da Muralla como Patrimonio

A TUA CIDADE NA TUA LINGUA. A Mesa participa no programa Noites Abertas 2002 do concello de Pontevedra

Noites Abertas 2002

Desde o pasado 10 de novembro, no concello de Pontevedra está a desenvolver-se Noites Abertas 2002. Este programa ten como obxectivo presentar unha alternativa de ocio para maiores de 16 anos nas noites pontevedresas dos venres e sábados, mais tamén fomentar e fortalecer o tecido asociativo do concello, ademais de servir de escaparate ás entidades que participan en Noites Abertas coorganizando as actividades. É por todo isto que, desde A Mesa, decidimos participar.

Este ano, o programa constará de varias actividades espalladas ao longo de dezaioito fins de semana, divididos en dúas fases que non terán programación durante os períodos de vacacións (ponte da Constituíción, Nadal, Entroido e Semana Santa). Na actualidade está en marcha a primeira delas que, logo de comezar o 10 de novembro cunha festa de inicio, rematará antes do Entroido.

Para xerir Noites Abertas, este ano botou andar un “foro aberto”. O obxectivo do foro é decidir e marcar as liñas de traballo e organización para que o programa funcione. Así, é preciso salientar que, xa na primeira xuntanza, o foro acordou manter como criterio de selección a normalización do emprego da lingua galega no desenvolvemento dos programas e actividades propostas polas entidades coorganizadoras de Noites Abertas 2002.

A proposta da Mesa: A tua cidade na tua lingua.

Na Mesa pensamos en deseñarmos un xogo de busca semellante a “Esta historia vai contigo”, que se puxera en marcha con moito éxito entre os participantes en Compostela, no

Correlingua-2000. Así xurdiu “A túa cidade na túa lingua”. Entre os obxectivos do xogo figuran fomentar o uso da nosa lingua e a valoración da mesma entre os participantes, incentivar a curiosidade e a lectura, promover a cooperación e o traballo en grupo, descubrir e valorar a historia, a arte e a arquitectura de Pontevedra e aínda aprender sobre dous tipos de figuras: unhas, noutra tempo de carne e óso, foron sobranceiras na historia de Galiza e estiveron ligadas dalgun xeito á cidade. As outras, aínda que con forma de sereas, trasnos, ánimas, demos, cans xigantes meio home ou herois chegados de Grécia, non son menos destacadas na historia, e forman parte do mundo da lenda e do imaxinario popular da cidade do Lérez.

Para o desenvolvemento do xogo A Mesa, ao igual que as demais entidades e asociacións participantes, asinou un convenio co concello de Pontevedra; quen é tamén o encargado do financiamento das actividades de Noites Abertas, e polo tanto de “A túa cidade na túa lingua”.

Malia que o xogo está estruturado en dezaseis sesións ordenadas ao fio da historia, desde as orixes da cidade, na época romana, até o século XX, na primeira fase de Noites Abertas están a desenvolver-se as primeiras oito sesións.

Xa que logo, cada venres a partir das 22:30 horas, os grupos ou os xogadores individuais que queren participar xuntan-se na Casa da Luz. Logo de cubriren unha ficha de inscrición no xogo, reciben unha carpeta co texto da nova sesión, xunto ás probas e preguntas que teñen que superar e contestar ao longo da noite; unhas veces buscando nos libros e, as máis, percorrendo as ruas e prazas da cidade. Daquela, o caderno coas respostas acertadas é cotexado ao final polas monitoras e monitores da Mesa, co fin de comprobar que o grupo poderá acceder, o próximo venres, ao seguinte nivel. Os novos grupos de xogadores que se van incorporando cada venres teñen que resolver as etapas anteriores, co que disporán de menos tempo para rematar todas as sesións. No último día, sortearanse dous lotes de libros e discos entre todos os xogadores que completasen axeitadamente as oito

Un novo Director Xeral de Política Lingüística

No mes de xullo do pasado ano demitia do seu cargo, en circunstancias un tanto escuras e estrañas, Manuel Regueiro Tenreiro, logo de estar case trece anos á fronte da política lingüística deste país. Desde a Mesa naquel momento valoramos positivamente a demisión, pois eramos conscientes de que, despois de tantos anos no cargo, a recuperación social do idioma nunca chegaría da man do creador e impulsor do *bilingüismo harmónico*, teoría estrela do goberno Fraga en materia lingüística que xa demostrou no día a día, tal e como ratificaron numerosos idiomas, que non é precisamente o que o galego precisa. A Mesa reclamou naquel momento que a persoa que ocupase o cargo tiña que supoñer un cambio radical na maneira de facer do departamento da DXPL e ser quen de impulsar a recuperación social firme e convencida que o idioma está a precisar.

Promesa de montes e moreas

Pola súa parte, Celso Currás prometía unha aposta moi forte pola normalización lingüística e pola potenciación da lingua galega na persoa do novo Director Xeral. Dias despois o elixido sería *Jesús Pablo* González Moreiras. O novo director gababa-se, nada máis chegar, de ser galego-falante en todos os contextos (significativo!!), mais a actitude fundamental que está a ter cara á normalización da nosa lingua non deixa de ser a mesma da que facía gala o seu predecesor no cargo: falla de planificación lingüística e escaso control económico das actuacións. Iso si, fai gala dun talante máis dialogante e dunha mellor disposición para “falar con todo o mundo”, aínda que non teña moito que dicir...

Entrevistas coa Mesa

Ao pouco de asumir o cargo, A Mesa mantiña unha primeira entrevista con González Moreiras na que o director xeral insistía continuamente na súa boa vontade e na súa intención de facer moitas cousas polo galego, mais recoñecía unha enorme dificultade para poder planificar con certa solidez: as eleccións ían ser en maio do 2001 e non había tempo material para grandes cousas, polo que de momento ía ir tirando e, se despois das eleccións continuaba, entón xa podería planificar con máis calma. Ante a nosa insistencia en buscar solucións concretas a cousas moi urxentes, demostrou un profundo descoñecemento do funcionamento do seu novo departamento (foi nomeado a finais de xullo e, a pesar dese descoñecemento, collera vacacións en agosto, polo que en

setembro estaba como se acabase de chegar) e un absoluto baleiro en todo o que non tivese que ver co mundo do ensino.

En xuño do 2001, despois da presentación do noso informe sobre os seus primeiros seis meses de xestión e despois da manifestación do 17 de maio, mantivemos unha nova entrevista na que volveu aparecer a grande dificultade de xestión e planificación do seu departamento: as eleccións, que non foran en maio, ían ser en outubro e, polo tanto, había que agardar para ver que ocorria, todo dependería de se el continuaba ou non. Iso si, asegurou-nos que se gañaba o PP e el continuaba no cargo acometería a elaboración do tan solicitado Plan Xeral de Normalización Lingüística para o país, nun proceso no que quería integrar a “todo o mundo”: comezaba a campaña electoral...

Informe da Mesa sobre os seis primeiros meses

de xestión

No mes de marzo do 2001, A Mesa presentaba un informe sobre a situación da Dirección Xeral de Política Lingüística logo dos seis primeiros meses de xestión de González Moreiras. No informe, que pode consultar completo no noso sitio web, faciamos unha análise comparativa dos orzamentos dos anos 2000 e 2001, ofreciamos datos e información detallada sobre convénios e determinadas liñas de actuación, denunciabamos casos concretos de pagamentos de convénios que non se cumpriron e, en xeral, denunciabamos de maneira contrastada a falta de seguimento e control sobre unha boa parte das iniciativas. Os contidos do informe, que foi presentado publicamente e enviado aos distintos grupos parlamentares, nunca foron desmentidos pola DXPL.

Alguns casos concretos

O informe realizado pola Mesa fai unha análise comparada dos orzamentos dos anos 2000 (2.796.683.000 pts.) e 2001 (2.804.588.000 pts.), nos que as principais partidas corresponden a convénios (mil millóns tanto no ano 2000 como no ano 2001), boa parte deles cos medios de comunicación; subvencións a empresas privadas (máis de 358 millóns no ano 2001, partida sobre a que en anos anteriores non houbo seguimento nen control) e campañas de normalización lingüística (310 millóns). A Mesa denuncia casos concretos de pagamento de convénios que non se chegaron a cumprir: así, no ano 1999, asinaron-se convénios con 8 xornais, nos que se establecía a porcentaxe de uso do galego á que se tiña que chegar a finais de ano: nengun dos 8 xornais chegou ao 8% establecido (alguns mesmo retrocederon no uso do galego), pero a pesar disto, pagaron-se integramente os convénios e mesmo se volveron asinar no ano 2000 novos convénios con eses e con outros medios, sen que fixese nengun tipo de seguimento dos resultados.

Cousas que ficaron paradas

Ademais, A Mesa fai no seu informe unha relación de todas as iniciativas que estaban en marcha e quedaron paradas coa chegada do novo Director Xeral e denuncia a falta de planificación coa que traballa a DXPL, a falta de vontade no cumprimento da lexislación vixente (o Director Xeral negou-se a actuar, por exemplo, diante do incumprimento da Lei de Normalización Lingüística por parte do Concello da Coruña ou diante do incumprimento do Decreto 247/95 que regula o uso do galego no ensino, tal e como se demandaba na manifestación do pasado 17 de maio). Fronte a iso, insiste nun discurso político que se basea unicamente na boa vontade e no cariño pola lingua, menosprezando outro tipo de ferramentas

PARABÉNS

Para Seguridade A-1, Erica Mel e a Librería Couceiro de Santiago, as tres empresas gañadoras das distintas modalidades do Premio Manuel Beiras, convocado polo Concello de Santiago e a Cámara de Comercio co obxectivo de destacar aquelas empresas e comércios da cidade que fan un uso normal do galego nas súas actividades. Os nosos parabéns para as tres gañadoras e tamén, por suposto, para todas as outras empresas que concorreron e que nos ofrecen a todos e todas nós o mellor premio: podermos ser atendidos no noso idioma. Agardamos que sexan cada vez máis as empresas que ano a ano concorran a este premio, como mostra do interese que o tema suscita e da mellora de saúde da lingua nun sector que está aínda moi necesitado de accións normaliza-

VARAPAUS

doras.

www.administracion.es

Recentemente o goberno do estado anunciaba a posta en marcha dun portal de atención á cidadanía en internet: *www.administracion.es*, anunciado como portal único da administración española. Como xa vén sendo habitual nas iniciativas do goberno central, están excluídas neste portal as linguas do estado distintas do castellano nos distintos servizos que ofrece (información administrativa, directórios, modelos oficiais, formulários, etc.) A Mesa dirixiu-se ao Ministerio de Administracións Públicas para manifestar a nosa protesta por

este feito e solicitar a iniciación dun expediente administrativo ao respecto, xa que o uso exclusivo do español, ademais de supor unha falla de respecto cara á realidade plural do estado, indica un profundo desprezo cara ao propio ordenamento xurídico pois priva aos galegos e galegas do seu dereito a usar as distintas linguas oficiais do estado na súa relación coa administración. Máis recentemente a Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado aprobou por unanimidade unha moción presentada polo grupo parlamentario Entesa Catalana de Progrés (coalición formada por PSC, ERC e IC-V) na que insta ao Gover-

no a que incorpore de forma efectiva todas as linguas oficiais do estado ás informacións contidas neste portal. No noso sitio web podeades atopar un modelo de instancia para dirixir-vos ao Ministerio a fin de facer a correspondente reclamación individual como posíbeis usuários dese portal de internet. Igualmente vimos de editar unhas tarxetas postais coa mesma finalidade. Axuda-nos a reforzar a nosa



GUÍA DOS **LIBROS** NOVOS

Un espacio para a reflexión sobre a nosa cultura

SUBSCRICIÓN

981 554 453

Noroeste Edicións, S.L. · Rúa Nova 32, 1º (zona monumental) · 15705 Santiago · Tel.: 981 554 453 · Fax: 981 554 907

GALICIA

UNHA LUZ NO ATLÁNTICO

EDICIONS EN
GALEGO E
CASTELÁN



Por vez primeira TODA GALICIA NUN SÓ LIBRO

Cincoentas páxinas de información
Máis de 2.500 fotografías e documentos
Índices temáticos

Máis de 15.000 referencias, infografía,
datos estatísticos, fontes actualizadas...

Un equipo interdisciplinar de profesionais:
redactores, deseñadores e documentalistas
para explicar dun xeito novo o país.

Nas portas do terceiro milenio, debruzada no vello balcón atlántico, Galicia preséntase coma unha das culturas de Occidente con máis rica personalidade, configuradora dende moi antigo da nova Europa que anuncian os tempos.



XERAIS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

